



NARÓN

# CONCELLO DE NARÓN

## Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE DE PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central - MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2024/57	GOB18I00QW	
1C69 2B3K 0457 3162 19G7		
2 1C692B3K0457316219G7n »		
2 1C692B3K0457316219G7n »		

## ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO O NOVE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE CATRO

### SRES/AS ASISTENTES:

#### SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:

D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ

#### SRES/AS CONCELLEIROS/AS:

TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO  
TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN  
TERRA GALEGA VOCAL - HERMIDA RICO, NATALIA  
TERRA GALEGA VOCAL - SANTALLA BORREIROS, JOSE IBAN  
TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR  
TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA  
TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE  
TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN  
PARTIDO POPULAR VOCAL - CASTRILLON PERMUY, GERMAN  
PARTIDO POPULAR VOCAL - NOVO MOURIZ, TANIA  
PARTIDO POPULAR VOCAL - YAÑEZ FREIRE, NURIA  
PARTIDO POPULAR VOCAL - PORTELA PARGA, PEDRO  
PARTIDO POPULAR VOCAL - IGLESIAS BLANCO, GONZALO  
PARTIDO POPULAR VOCAL - BOUZAMAYOR VILLASUSO, ANA VANESA  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - LEDO DIAZ, OLAIA MARGARITA  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - CARBALLEIRA LOPEZ, EUGENIO  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - MOSQUERA PUENTES, BEATRIZ  
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL - ULLA ROCHA, JORGE  
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL -

Na casa do Concello de Narón, ás 09:35 do nove de xullo de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa-presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión extraordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

DE ARRIBA FERNANDEZ, SILVIA MARIA

**NON ASISTE:**

TERRA GALEGA VOCAL - MAURIZ ROMERO,  
JUAN PABLO

**SR. INTERVENTOR ACCTAL.:**

D/Dª PABLO FREIJOMIL OJEA

**SR. SECRETARIO XERAL:**

D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-  
CANTELI

**1 º.- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DUN MES ADICIONAL DO PRAZO DE ALEGACIÓNS DERIVADO DA EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PXOM.**

**2º.- PROPOSTA PARA QUE O GOBERNO E O EQUIPO REDACTOR DO PXOM SE POÑAN A TRABALLAR COA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL PARA REGULAR O CHAN RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL.-**

**(TEXTO DA SOLICITUDE DE PLENO EXTRAORDINARIO)**

**O CONCELLO DE NARON**

D. Germán Castrillón Permuy, concelleiro do Partido Popular neste concello, ante o Concello comparezo e, como mellor proceda en Dereito.

**EXPOÑO**

I.- Por acordo plenario de 25-04-2024 aprobouse inicialmente o novo Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) co seu estudo ambiental estratéxico e completado co resumo executivo, data de outubro de 2023, e asinado por D Alfredo Garrote Pazos, director do equipo redactor ARQYUR, S.C.

II.- De conformidade co previsto no artigo 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia (en diante, LSG), e no artigo 144.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia (en diante, RLSG), por anuncio publicado no DOG de 24-05-2024 abriuse un trámite de información pública durante un prazo de dous meses mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.


III.- De conformidade co disposto nos artigos 32, 129 e 133 da Lei 39/2015, **veño solicitar a ampliación do prazo de alegacións concedido por outro mes adicional**, con fundamento nas seguintes.

**ALEGACIÓNS**

1.- A complexidade do PXOM aprobado inicialmente e a necesidade da maior participación posible entre os veciños, asociacións e todo aquel que poida resultar afectado polo instrumento de ordenación sometido a exposición pública aconsellan a ampliación do prazo de alegacións solicitado.

2.- Publicada na Web municipal a documentación suxeita a exposición pública pódese concluír que a forma en que a mesma foi publicada adoece de transparencia e claridade, sendo dificultoso o seu exame pola maneira en que se publicou, o volume de cartafolios e subcarpetas que a integran, a

nomenclatura utilizada no nome dos arquivos e a extensión dalgún deles, ou mesmo apartados que non aparecen nin o índice



<sup>1</sup> [https://naron.transparencialocal.gob.es/gl\\_ES/categoria/normativa/otros](https://naron.transparencialocal.gob.es/gl_ES/categoria/normativa/otros)

<sup>2</sup> Zonificación acústica, por exemplo


3.- Neste sentido, o Grupo Municipal ao que represento está a ser receptor de alarmantes queixas sobre a dificultade no acceso á información detallada das distintas casuísticas do novo plan e a falta de transparencia das distintas propostas que se presentan. Áreas de repartición sen unha información detallada e que nin sequera aparecen referenciadas en planos de SUNC , zonas rurais con escasa información e unha ordenación inadecuada nas distintas zonas.

4.- E neste escrito de ampliación de prazo incidise na **absoluta carencia de chan rústico de protección Forestal** cando en Narón hai un inxente número de plantacións que levan varias décadas de produción forestal de crecemento rápido.

	Ordinaria	SRPO	103,92	1,55*
	Agropecuaria	SRPA	2.765,50	41,34*
	Costas	SRPC	405,53	6,06*
Solo rústico de protección	Augas	SRPAU	1.514,24	22,63*
	Infraestruturas	SRPIN	4.379,46	65,46*
	Paisaxística	SRPPX	383,24	5,73*
	Patrimonial	SRPP	412,93	6,17*
	Espazos Naturais	SRPEN	492,97	7,34*

Moitos propietarios das distintas explotacións forestais non teñen a información necesaria para poder presentar as alegacións en tempo e forma.

5.- Cabe significar que a pesar da ausencia dun só metro cadrado de protección forestal, a Xunta de Galicia ha zonificado ámbitos preferentes de actuación para o desenvolvemento de polígonos agroforestais que, desde logo, non parecen ser considerados na PXOM inicialmente aprobado.



Os mapas utilizados no Estudo do Medio Rural parecen desactualizados e desvinculados da realidade que, en Narón, nas distintas zonas do municipio suxeitos a procedementos de Concentración Parcelaria desde fai máis de catro décadas, no transcurso deses anos a explotación do territorio variou substancialmente, pasando cando antes as concentracións realizáronse para explotación agropecuario, hoxe a gran maioría son para explotacións forestais, esa transformación non se foi adaptando no tempo por parte da administracións.

6.- O PXOM non ten en consideración nin (salvo erro) menciona Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, enmarcada dentro dos obxectivos do desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030 e o Pacto verde europeo, con finalidades (entre outras) de recuperación das terras agrarias de Galicia para uso forestal, a consideración do cambio climático no marco da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, ou facer fronte ao reto demográfico ao promover a recuperación de asentamentos poboacionais que progresivamente veñan reducir o problema do despoboamento do rural.

Os obxectivos desta Lei autonómica, que desenvolve fundamentalmente os artigos 21 e 25 da nova Lei 7/2021, respecto a «Consideración do cambio climático na planificación e xestión territorial e urbanística, así como nas intervencións no medio urbano, na edificación e nas infraestruturas do transporte» e o «Desenvolvemento rural: política agraria, política forestal e enerxías renovables», non son tomados en consideración no documento exposto.

7.- Repárese en que no seu artigo 32 régúlase a coordinación cos instrumentos de ordenación territorial, plan urbanístico e outra normativa sectorial. Así se establece a obrigação por parte de todos os instrumentos de ordenación territorial e plan urbanístico, así como os plans derivados de políticas sectoriais que teñan incidencia no territorio, de ter en conta as determinacións do Catálogo de chans agropecuarios e forestais e dos catálogos parciais.

E ha de terse en conta a DF5ª da devandita norma, que dá nova redacción ao art.34.2.b) LSG.

8.- Salvo erro, tampouco se prevé nin se considera nada en relación ás “aldeas modelo” ás que se refire o art.79 desta Lei 11/2021 que, no deseño do lexislador autonómico, ha de ter entre outras finalidades a recuperación da capacidade agronómica do perímetro da aldea modelo, a rehabilitación e recuperación arquitectónica e urbanística do seu núcleo e a promoción do emprego; é dicir a dinamización do ámbito rural con plans de dinamización específicos en aplicación dos principios de cooperación e coordinación interadministrativas aos que se refire o artigo 117.

En definitiva, e por todo o exposto:

### **SOLICITO**

#### **Pleno Extraordinario:**

- 1.- A ampliación dun mes adicional do prazo de alegacións derivado da exposición pública do PXOM
- 2.- Que o goberno e o equipo redactor do PXOM pónanse a traballar coa Consellería de Medio Rural para regular o chan rústico de protección Forestal.

Narón, a 3 de xullo de 2024



Asdo por:

Germán Castrillón Permuy  
Nuria Yañez Freire  
Gonzalo Iglesias Blanco

Tania Novo Mouriz  
Pedro Portela Parga  
A. Vanesa Bouzamayor Villasuso

Jorge Ulla Rocha

Silvia De Arriba Fernández

Olaía Ledo Díaz  
Beatriz Mosquera Puentes

Eugenio Carballeira López

### **DEBATE DO PUNTO PRIMEIRO:**

-Sr.Castrillón Permuy: Buenos días a todos e a todas. Grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, o noso grupo solicitou este pleno extraordinario en colaboración co partido socialista e co bloque nacionalista galego motivado pola cantidade de persoas e colectivos que se puxeron en contacto con nós con distintas suxerencias e inquietudes, queixas da falta de información e como poden facer para presentar alegacións a este novo PXOM.

Como todos e todas sabemos o PXOM é o documento máis importante que o concello vai aprobar ou vai elaborar en moitos anos, no.

Despois de consumidos 55 días da exposición pública seguimos atopando persoas que non teñen a información suficiente, polo tanto, é necesario brindar a oportunidade á cidadanía á información necesaria para compartir e contribuír ao desenvolvemento dun plan urbanístico xusto e solvente.

Como decía, nestas últimas datas nos estamos atopando con persoas moi preocupadas pola falta de información e outras enfadadas porque asistiron a reunións que organizou o grupo de goberno co equipo redactor, e que a exposición foi moi light e non se introduciron moitos puntos que o público asistente solicitaba.

Para complexidade do PXOM aprobado inicialmente é necesario unha maior participación posible entre veciños, asociacións e todo aquel que poida resultar afectado polo instrumento de ordenación sometido a exposición pública.

Neste sentido, o grupo municipal popular, ao que represento, está a ser receptor de alarmantes queixas sobre dificultades no acceso á información detallada das distintas casuísticas do novo plan. Vivendas con licencia que quedan fóra de ordenación, outras vivendas que quedan disconformes co novo PXOM e sen os accesos necesarios para os servizos públicos de extrema necesidade como pode ser ambulancia ou bombeiros entroutros.

Estas son algunhas das queixas que estamos recibindo a diario e a falta de transparencia das distintas propostas que se presentan nas áreas de reparto, sen unha información detallada así como nas zonas de solo dotacional, nas zonas rurais con escasa información e unha ordenación inadecuada en distintas zonas.

Non aparece grafiado os anchos dos viais, algo que tamén nos sorprende. A falta de clasificación de solo rústico de protección forestal, cando en Narón hai un inxente número de plantacións que levan varias décadas de produción forestal de crecemento rápido.

Moitos propietarios das distintas explotacións forestais non teñen a información necesaria para poder presentar as alegacións en tempo e forma.

Por todas estas cuestións consideramos que é moi necesario unha ampliación do prazo para alegacións, solicitado.

Por todo o exposto, solicitamos a aprobación das propostas presentadas para a ampliación de 1 mes do prazo das alegacións. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: bo día. Grazas alcaldesa.

Ben, como sabedes todos os grupos municipais, nós antes da convocatoria deste Pleno extraordinario pedimos por Rexistro esa ampliación de prazo porque vimos que había xente que para alegar ou para buscar os documentos necesarios que se necesitaba de máis tempo. Creo que é importante que todos e todas entendamos que un Plan Xeral non deixa de ser un proxecto moi complicado onde se dan moitas casuísticas e moi difícil de entender incluso para persoas urbanistas ou que traballan sobre o tema, e o caso do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Narón necesita unha atención aparte.

É máis, nos somos conscientes de que ás veces os plans xerais non son os documentos onde máis cousas se consiguen para transformar as nosas vilas e cidades. Ao final estamos a falar de plans que levan moitísimos anos, que dan a erros porque hai moitísima documentación, hai que traballar moitísimos campos, moitísimos aspectos e ao final os plans directores en barrios, en parroquias, un proxecto de concello, é o que fai cambiar os modelos de cidade e ao mellor non son tan custosos. Por exemplo, un exemplo, temos Barcelona, para non poñer exemplos do BNG mundialmente coñecidos e premiados pero temos o concello de Barcelona que cun Plan Xeral de Ordenación Municipal dos anos 80 está transformando a súa cidade a través de plans directores, de conceptos como urbanismo feminista, etc.etc., con parques, xardíns, e nós cremos sinceramente que en Narón eso tamén fai falla. Porque ao final temos o exemplo, de Sanxenxo en Narón que foron dos primeiros concellos en ter Plan xeral e sabemos perfectamente na situación na que nos atopamos.

Entonces, nós imos a seguir como BNG camiñando nese sentido, pero agora que temos o Plan Xeral de Ordenación Municipal, que debe de estar unido ao plan de mobilidade, que hai moitas cousas que tratar, que os veciños e veciñas teñen que ter a última palabra e por eso está a exposición pública, e onde se melloran efectivamente os plans, que haxa máis tempo como pedimos no seu momento, que actuara de oficio o goberno, ou que dende a oposición se solicitara mesmo o pleno extraordinario para que esto fose unha realidade. Bueno, cremos que realmente vai ser aprobado por unanimidade, así que neso supoño que estaremos de novo de parabens no Concello de Narón, máis si dicir que é moi importante que saia satisfeita a meirande parte da veciñanza e que non o vexan coma un impedimento.

E por eso é importante que as persoas que asesoren non sexamos directamente políticos ou políticas que non temos esa información se non urbanistas e bueno, neste caso, equipo redactor ou as persoas do concello que teñan coñecemento porque ao final incluso podemos pensar que estamos axudando á xente e ao final o que estamos é complicándolles as cousas. Entonces creo que tamén temos que ser responsables nese sentido, ampliar o plan, axudar aos veciños e veciñas pero sendo conscientes de que teñen tamén que ser asesorados neste aumento de prazo polo equipo redactor e polas persoas que coñecen o plan e tamén polas persoas externas que consideren que está claro que tampouco somos neste caso, os políticos e políticas. Grazas.

-Sr.Ramos Rodríguez: bos días. Grazas Sra.alcaldesa.

Primeiro dicir que non acabamos de entender por que se recorre aos medios de comunicación para reclamar unha ampliación do prazo de exposición pública do PXOM, cando todos os traballos e trámites realizados ata o momento foron pactados con todos os grupos políticos desta corporación e aprobados por unanimidade, no pleno de abril. O lóxico sería falalo previamente con nós podendo incluso aprobalo no pleno do mes pasado. Sen ter que facer un pleno extraordinario .



Este plan foi explicado barrio por barrio. E se está atendendo de forma individualizada por parte dos técnicos municipais e do equipo redactor, a todas aquelas persoas ou entidades que o solicitan .

Fíxose un importante esforzo para facilitar a consulta de documentación gráfica, xerando un visor que permite consultar os planos de ordenación, con solo marcar a referencia catastral.

Con respecto á claridade e transparencia da publicación na web municipal, comentar que a estrutura do documento do PXOM non pode ser modificada, posto que debe adaptarse a estrutura establecida nas normas técnicas de planeamento, que establecen a estrutura das carpetas, así como os nomes de arquivos. Normas técnicas esixidas e reguladas pola Xunta de Galicia.

Con respecto á transparencia, decir que antes da aprobación inicial se fixeron 4 comisións de seguimento: abril 2023; novembro 2023; febreiro 2024 e abril 2024.

Entregouse a documentación a todos os grupos políticos o 28-11- 2023 e se fixo un consello xeral de participación Cidadá en febreiro de 2024. Creo que se fixo con bastante transparencia.

En relación ao solo rústico de protección forestal, explicar que a Lei 2/2016 do 10 de febreiro (Lei do Solo de Galicia) na primeira das súas transitorias establece que o solo rústico dos concellos non adaptados a esa Lei ou á Lei do 2022 lle sexa de aplicación dende o 2016 . No actual PXOM existe clasificación de solo forestal. Esta clasificación de solo forestal foi anulada pola Xunta de Galicia neste ano 2016, é dicir, a día de hoxe temos a mesma normativa dende o 2016.

Para a aprobación inicial deste documento é imprescindible que nos adaptemos a esta lei. Salvo que a Xunta de Galicia decida modificala.

O artigo 34 establece que o solo rústico de protección forestal estará formado polos montes veciñais en man común ou terreos catalogados pola Consellería de Medio Rural como de alta produción forestal (non hai ningún terreo no concello de Narón con estas condicións) .

Insisto, esta catalogación correspóndelle á Consellería de Medio Rural.

Esta lei di que os terreos que foron obxecto de concentración parcelaria con resolución firme lles corresponde a categoría de solo rústico de protección agropecuaria.

A lei 22 /2021 de recuperación das terras agrarias de Galicia remite a elaboración de catálogos de solos forestais e agrícolas.

O incluído nestes catálogos é o que deberíamos clasificar como solo de protección forestal. A elaboración dos ditos catálogos é competencia exclusiva da Consellería de Medio Rural.

En relación ao que comentaba tamén o partido popular das aldeas modelo comentar que o artigo 79 da Lei/2021 establece que a Consellería de Medio Rural a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quen debe coordinar as actuacións a realizar (cos concellos, coas consellerías implicadas e coas entidades competentes) para promover a recuperación da capacidade agronómica do perímetro da aldea modelo.

Con respecto a isto decir que todas as charlas que se fixeron nos distintos barrios se lle asesora á xente a que presente alegacións co tema do solo de rústico, incluso se colabora decindo como se debe facer. Hai un impreso que se elaborou previamente para facilitar a presentación destas alegacións.

Finalmente decir que votaremos a favor desta moción e que estamos abertos a manter tódalas reunións necesarias coa Consellería de Medio Rural para elaborar un documento que sexa beneficioso para todos e todas.

Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Agradecer a todos os grupos a súa postura, temos que estar todos contentos por esto. Hai moita xente que non lle deu tempo e que está preocupada por esto.

Dende o concello teremos que traballar e defender aos nosos veciños. E loxicamente entre o equipo redactor e o equipo de goberno serán os que teñen que facer ese traballo. E poñerse rapidamente en contacto coa Dirección Xeral de Planificación forestal da Xunta de Galicia. Da Consellería de Medio Rural. O que non podemos é aprobar un documento que se vai a aprobar e dentro de 4 días cando un paisano, a súa madeira e na súa finca lle prohíban volver a plantar cando leva máis de 30 anos ou 40 anos nalgún caso con esa produción. Entón eu creo que temos que defender e creo que non había tempo suficiente ata o día 15 de xullo para que a xente puidera presentar as alegacións.

Eu non digo que vostedes non digan á xente que alegue. Non dixeran eso. Agora eu digo que ten que haber máis compromiso. Máis compromiso.

E referente ... falando máis do tema urbano e do tema de ordenación das áreas de reparto creo que tampouco hai unha transparencia clara, é dicir, vostedes deixan moitas vivendas dentro desas áreas fóra de ordenación. Entón eu creo que despois de ter unha licenza do concello que se lle deu no seu día e despois doutras vivendas que teñen licenza do concello, tamén non se poden deixar sen un acceso, e sen accesibilidade de que poida chegar unha ambulancia ou uns bomberos. Creo que estamos no momento de aprobar un documento que cumpla todas esas especificacións que son moi necesarias.

E como dixeran antes é o documento máis importante que vai aprobar este concello en moitos anos.

Polo tanto, repito, agradezo que se vote todos a favor para dar un mes máis para que a xente poida alegar e de verdade que vos pido que vos poñades en contacto o antes posible a traballar nesa xestión, que é moi importante. E así como recordar do tema dos dotacionais analízalos en profundidade e realmente non deixar a propietarios de determinadas parcelas de determinadas fincas, en 20 anos, que algúns levan 20 anos con ese requisito, con esa categoría no seu solo sen poder facer nada. Polo tanto, se realmente queren facer algo terán que actuar de inmediato e non deixar pois determinadas cousas paradas 22 anos como levan dende que se aprobou o plan dende o ano 2002. Esa é a realidade e eso é o que está pasando.

E unha cousa que me quedaba, referían que nos presentaron documentación. Sí Sr.Ramos, é certo porque a documentación non o imos a negar porque a verdade é a verdade sempre, pero a realidade é que nós non coñecemos todas as casuísticas dos cidadáns e dos veciños de Narón. Terán eles que ver como lles queda a súa propiedade, cómo lles queda a súa accesibilidade e eles son os que nos achegan moitas suxerencias e moitas preocupacións do que está pasando. Nós non podemos ir casa a casa, punto a punto, porque non coñecemos todo e eso é algo que debemos ter a gratitude á xente de que poida investigar, de que poida aportar as súas suxerencias tamén. Para que sexa un plan realmente, sexa un plan que necesite Narón. Eso é o que debíamos intentar traballar todos. Nada máis e moitas grazas.

**VOTACIÓN E ACORDO 1ºPUNTO.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## **INTERVENCIONS PUNTO 2º**

-Sr.Castrillón Permuy: por insistir, é dicir, creo que cando saiamos deste Pleno, se se aproba como se aprobou o primeiro punto, creo que é importante, creo que vostedes teñen que... tanto o equipo redactor como o equipo de goberno, poñerse en contacto coa Dirección Xeral



de Planificación forestal para intentar solventar e clarificar todo o que haxa que facer para modificar a lei do solo de Galicia a través do forestal. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: cremos que é importante que neste punto o grupo maioritario, que é quen está gobernando en Narón, que si que dé esas explicacións porque se está creando moita preocupación e se está creando moita alarma e é verdade que as alegacións individuais non chegan, senón que o concello se ten que personar para dar solucións ou explicar o que está a acontecer para que non vaia en aumento esa alarma e que todo o mundo saia satisfeito e satisfeita.

-Sr.Ramos Rodríguez: comentar que a solución deste solo forestal está na elaboración dos catálogos que se comprometeu a Xunta de Galicia nesta Lei. Quen ten que facer os catálogos é a Xunta de Galicia, non sei porque lle dan tantas voltas. Medio Rural dende o ano 2016 mira que non tivo tempo a facer este catálogo.

E ademais esto é independente do plan de urbanismo. O plan de urbanismo, o actual, recolle zonas forestais. O expliquei antes que a Lei do 2016 anula todas estas áreas forestais; é dicir, a competencia que regula o que se pode facer e o que non se pode facer en solo rural é a Xunta de Galicia. É independente de calquera plan urbanístico. A Xunta de Galicia que acelere os seus temas, dende o ano 2016 tivo tempo a facer este catálogo de solo forestal. Nosoutros imos insistir e imos solicitar reunión con esta entidade pero está claro de quen é o tema de que esto non se leve a cabo. Non creo que sexa tan complicado, o que pasa que si que é verdade que ten que facer un catálogo para toda Galicia. Porque esto do tema forestal afecta a todos os concellos de Galicia por esta Lei do Solo do 2016. E nada máis.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Por aclarar unha cuestión que comentou agora o Sr.Ramos.

Anulou porque dende o concello e dende o equipo redactor que estaba dende o 2010 traballando neste PXOM, non se fixeron as alegacións procedentes e en Narón hai polígonos agroforestais. Polo tanto, hai que cando saia unha lei que aínda que a vexamos moi lexos pode afectar ao territorio, e neste caso afectou a moitas zonas de Narón, hai que presentar as alegacións correspondentes como están facendo agora os veciños no PXOM de Narón. Esa é a realidade.

Pero imos a traballar, que estamos aquí para intentar solucionar ese problema que ten Narón. Non lle imos deixar ese tema aos veciños, creo que non llo podemos deixar. E dende logo o Partido Popular vai traballar para que ese problema non quede nos veciños. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, se ese coñecemento o tiña o partido popular, tamén podía informar e dicir que había que alegar na Lei 2/2016 cando se deu no seu momento, que ademais estaba tanto Germán Castrillón como por exemplo, eu como portavoz municipal. Pero aquí eu creo que aquí quen perde é a veciñanza e ten culpa parte a Xunta de Galicia, ten culpa parte o concello porque non lle informaron ou asesoraron no seu momento. Si que é verdade que esa Lei 2/2016 incluso flexibiliza o uso forestal con respecto á Lei anterior pero que é verdade que para os concellos que tiñan plan xeral vixente, que é o noso caso ou a redacción dun novo Plan xeral produciuse o que está a acontecer agora. Entón aquí o importante é a veciñanza. Non quen ten as culpas, si é verdade que a Xunta de Galicia é quen ten que regular eso e o Concello quen ten que informar e insistir para que eso se faga porque da Xunta de Galicia xa non se pode esperar nada e menos con Narón. Xa vimos nos orzamentos deste ano que

destinaron 0 euros ao noso concello a Xunta de Galicia do Partido Popular; entón aquí no nos votemos as culpas os uns aos outros e traballemos para o ben do conxunto da veciñanza e para ter o mellor Plan Xeral de Ordenación Municipal posible porque o resto é arrepañar onde non se debe e polo menos, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego está para mellorar Narón. Non para que se boten as culpas os uns aos outros.

-Sr.Castrillón Permuy: a verdade é que é sorprendente que veñamos por un tema e que vaíamos polo carril contrario, no, eso a veces por tráfico está prohibido. Gustaríame que se falara do que hai que falar. E a Xunta non inviste nada en Narón, eso non é certo, falamos da Lei de Dependencia practicamente 2 millóns de euros, e falamos doutras moitas cousas se quere, Sra.Olaia.

Creo que aquí vimos hoxe por un tema moi distinto. Que é o Plan Xeral de Ordenación Municipal. Que creo que temos que sacar un documento entre todos os grupos, neste caso teremos que apoiar ao goberno para que o goberno tamén o poida facer, sacar un documento que sexa o documento que necesita a cidadanía e os veciños de Narón. Esa é a clave. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: quero manifestar unha cousa. E é neste caso, que si que me doi persoalmente, que se faga en varias ocasións mención a falta de transparencia. Sobre todo neste punto, é dicir, despois de facer varias comisións de seguimento como as que numerou Ramos, esa entrega de documentación, esa presentación á cidadanía antes de... incluso no mes de febreiro, aprobouse despois no mes de abril, toda esa documentación se fixo coa maior transparencia posible, é dicir, está colgada, se fixo un esforzo para facer ese visor. Si que é verdade neste caso que a complexidade do documento en si, dificulta xa a súa lectura. Pero evidentemente, como eso tamén o sabíamos, o que se fixo foi unha atención ao público individualizada, é dicir, levan agora mesmo 29 días a data de onte, e facendo esa atención individualizada. Por que? Porque evidentemente non é para todos os públicos ese documento e que hai persoas que están máis ou menos postas na materia; é dicir, a nivel individual.

Calquera persoa que estivo, que quixo saber desa documentación tivo unha atención. Entón a verdade si que me doi persoalmente tamén e xa llo manifestei neste caso ao portavoz do Partido Popular que un documento no que tratamos e queremos ... que o decimos nas exposicións públicas, que sexa o mellor para todos os veciños e as veciñas de Narón, que nin sequera tivesen a dignidade de falar co grupo de goberno: dicir, mira, como lles parece? ampliamos o prazo? O prazo que está estipulado por lei, que como máximo son 3 meses. Neste caso, por exemplo, o concello de Vigo utilizou 3 meses.

Se facía falta, e se tiñan esa.. que non temos nós, hai que recoñecelo, tanta demanda de información que non lles chega ou que está mal, se a tiñan de verdade que con decilo chegaría. Non teríamos que estar neste punto agora mesmo decindo a oposición pide.... No , por que? Porque tratamos de que sexa un documento bo para todas e todos os veciños. Tratamos e pedimos que quen tivese, nolo decía o equipo redactor, parece que vades pedindo alegacións. O que vamos é pedindo que realmente a xente que considere que algo mellorable neste documento pola extensión que ten e porque cada un ve a súa realidade e que se pode mellorar que fagan esas alegacións.

Entón esta falta de transparencia e logo di: “vostedes deixan sen acceso.....” No, este é un documento que foi aprobado por todos. Se vostede naquel momento veía algunha cousa, por que non a dixo? E neste caso está, o que decía Olaia e llo agradezo, ....é algo que sumamos todos, ..esa información por parte neste caso, de políticos ao final pode xerar confusións, están os técnicos, son imparciais, deixen que os asesoren, é dicir, ... E se de verdade de aquí



aos días que faltan ven algo que sexa mellorable neste documento fagánnolo saber, de verdade. Porque é o momento de facer un documento que sexa o mellor para todos os veciños e veciñas de Narón.

E de verdade que nese sentido van a ter ao equipo de goberno. Como xa llo manifestamos. Como deixamos claro dende o minuto 1, como se fixo este documento. A transparencia de que tiñan toda a documentación, as comisións de seguimento, varias que houbo, previo á aprobación cos técnicos neste caso, redactores do plan, para que preguntaran, para que achegaran todo o que consideraran.

Entón, simplemente esta pena. E de verdade, así o digo, eh. Se de aquí a que acabe ese prazo ven algunha cousa que sexa susceptible de mellora indíquenno, por favor.

Pasamos a votar a proposta.

**VOTACIÓN E ACORDO PUNTO 2º.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá as grazas aos/as presentes desexándolles un bo día e levanta a xuntanza, sendo as 10:01 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sra. alcaldesa comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4